



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA



CEIP SAN MIGUEL DE REINANTE BARREIROS
Souto s/n
27793- SAN MIGUEL DE REINANTE (LUGO)
Tlfno.: 982870085
ceip.sanmiguel.reinante@edu.xunta.gal

Plan de Continxencia

CEIP SAN MIGUEL DE REINANTE BARREIROS

O Plan de Continxencia do CEIP SAN MIGUEL DE REINANTE BARREIROS ten por finalidade establecer os procesos para o reinicio da actividade académica presencial no caso de que se teña interrompido a suspensión da actividade lectiva como consecuencia da aparición dun abrocho que supoña o cese da actividade presencial nun aula/etapa educativa/centro. Trátase dun plan adaptable e modificable en función da situación epidemiolóxica. Seguindo as directrices marcadas pola Consellería, foi elaborado polo Equipo Directivo coas aportacións do profesorado do centro.

ACTUACIÓNS PREVIAS DIANTE DA APARICIÓN DUN ABROCHO

1. Non asistirán ao centro aqueles estudantes, docentes e outros profesionais que teñan síntomas compatibles con COVID-19, así como aqueles que se atopen en illamento por diagnóstico de COVID-19, ou en período de corentena domiciliaria por ter contacto estreito con algunha persoa con síntomas ou diagnosticada de COVID-19.

2. Diante dun suposto no que unha persoa ou alumno da que se sospeita que comeza a desenvolver síntomas compatibles con COVID-19 no centro educativo seguirase o presente plan de continxencia e levarase a un espazo separado de uso individual, colocaráselle unha máscara cirúrxica (tanto ao que iniciou síntomas como á persoa que quede ao seu coidado), e contactarase coa familia, no caso de afectar a alumnado.

3. Débese chamar ao centro de saúde de Atención Primaria de referencia, ou ao teléfono de referencia do SERGAS e seguiranse as súas instrucións. En caso de presentar síntomas de gravidade ou dificultade respiratoria chamarase ao 061. O/A traballador/a que inicie síntomas debe abandonar o seu posto de traballo protexido por máscara, e logo de seguir as instrucións do centro de saúde ata que a súa situación médica sexa valorada por un profesional sanitario.

4. No suposto da aparición dun caso, ou dunha sospeita, de coronavirus nun centro educativo tanto sexa do alumnado, profesorado ou persoal do centro, a persoa coordinadora do equipo formado na COVID-19 incluírá na aplicación informática a información prevista do eventual afectado/a relativa aos contactos estreitos, dos compañeiros/as afectados/as e do seu profesorado, así como de quen sexa persoa próxima vencellada ao centro educativo.

5. A familia dun neno ou nena con sospeita de contaxio, deberá solicitar unha consulta telefónica co seu pediatra para que este avalíe a necesidade de solicitude dun test diagnóstico. Se non houberse cita para ese mesmo día, acudirá ao PAC para a valoración polo médico de atención primaria.

6. Tras a aparición dun caso diagnóstico da Covid 19 seguiranse as recomendacións da Xefatura Territorial de Sanidade, sendo posible que nun centro teña que estar illada unha parte dun centro educativo (aula ou grupo de aulas) mantendo o funcionamento do resto da forma habitual en función do número de contactos identificados en cada gromo.

7. A autoridade sanitaria, en coordinación coa Consellería de Educación, a través do Grupo de Coordinación e seguimento da Pandemia, determinará en cada caso o número de persoal e alumnado afectado e a duración das medidas de corentena o que se comunicará ao equipo COVID do centro para a súa comunicación á comunidade educativa, sen prexuízo da información que sexa facilitada pola autoridade sanitaria.

8. A autoridade sanitaria, en función do número de contaxios, poderá ordenar o peche dunha ou varias aulas, dun nivel educativo ou do centro educativo na súa totalidade.

9. A aparición dun contaxio sospeitoso con posterior confirmación é un suposto de declaración obrigatoria que implicará por parte da autoridade sanitaria a obriga de entrada en corentena de polo menos 10 días a todas as persoas que teñan a consideración de contacto estreito.

10. A suspensión da actividade lectiva presencial suporá a aplicación das normas previstas no presente protocolo relativas ao ensino a distancia. Aos efectos de determinación do nivel de risco a autoridade sanitaria poderá volver a avaliar o pase ao nivel de riscos NR 2 para os supostos de consideración de vulnerabilidade e de cualificación de persoal sensible.

ACTUACIÓNS PARA O PERIODO DE ACTIVIDADE LECTIVA NON PRESENCIAL

11. O ensino non presencial será impartido polo profesorado ordinario do alumnado preferentemente a través da aula virtual de cada grupo. O profesorado realizará o seguimento do alumnado impartindo os coñecementos da materia de xeito virtual a través dos contidos dispoñibles ben achegados polo profesorado ou ben os que poña a disposición a Consellería. Igualmente o/a profesor/a poderá poñer tarefas ao alumnado que reforcen co contido da materia ou a avaliación continua da mesma.

12. O equipo COVID do centro identificará ao alumnado que teña dificultades de conexión o falla de equipamento para que a consellería adopte as medidas oportunas que minimicen as eventuais dificultades da educación realizada por medios telemáticos.

13. Para cada caso concreto de suspensión da actividade lectiva presencial a Consellería poderá adoptar as medidas oportunas en relación cos períodos ordinarios de avaliación do alumnado cando coincidan co tempo de suspensión.

14. Durante o período de suspensión da actividade presencial o centro educativo ten previstas as seguintes medidas:

a) Uso da aula virtual nos cursos de 3º a 6º de Educación Primaria. Os cursos de 5º e 6º de Educación Primaria empregaran Edixgal. Os grupos de E. Infantil, 1º e 2º de primaria utilizaran blogs e, no seu caso, tamén a aula virtual.

b) A aula virtual e o blog estará complementada con videochamadas especialmente no caso de alumnado de EI, 1º e 2º.

c) Como recursos alternativos a empregar na aula dixital están os contidos Abalar na web da Consellería, os contidos dixitais do Ministerio de Educación e aqueles outros existentes na rede e considerados axeitados para o nivel educativo no que se vaia a empregar.

d) A proposta de tarefas farase diariamente indicando que arquivos é preciso que suban á Aula Virtual e como os deben nomear, podendo establecer unha data límite de entrega.

e) Plantexaranse actividades específicas para o alumnado con NEE en coordinación co profesorado especialista en PT e AL.

f) Respetarase o horario lectivo dos especialistas.

- g) Ofreceranse diferentes alternativas para a realización das actividades (material para imprimir, para traballar de xeito dixital, para facer online,...) coa finalidade de responder ás diversas situacións socio-familiares no relativo a recursos dispoñibles dende o fogar.
- h) Procurarase plantexar actividades que favorezan a socialización como por exemplo, a elaboración de materiais que se comparten entre todo o alumnado.
- i) De ser posible, utilizarase Webex, plataforma habilitada pola Consellería de Educación, para a realización de videoconferencias.
- k) Procurarase manter continuidade cos proxectos que se estivesen traballando no centro empregándoo como eixe temático.
- l) As propostas do Equipo da Biblioteca, Dinamización da Lingua Galega, Equipo TIC, Departamento de Orientación,... integraranse nas propostas de actividades coa fin de favorecer a participación do alumnado e non sobrecargar aos nenos e ás familias.
- m) A avalización do alumnado farase seguindo as instrucións que determine a Consellería.

MEDIDAS PARA O REINICIO DA ACTIVIDADE LECTIVA PRESENCIAL

15. Finalizado o período de peche presencial da aula, nivel educativo ou centro realizarase unha planificación do retorno a actividade presencial.

HORARIOS ESPELLO

No caso de que algunha aula fose confinada, utilizaríamos a seguinte organización horaria.

3º CURSO **Clase online** **Tarefas do alumnado**

	LUNS	MARTES	MÉRCORES	XOVES	VENRES
De 9:30 a 10:00	CIENCIAS SOCIAIS	CIENCIAS SOCIAIS	LINGUA CASTELÁ	MATEMÁTICAS	LINGUA INGLESA
De 10:00 a 10:20	CIENCIAS SOCIAIS	CIENCIAS SOCIAIS	LINGUA CASTELÁ	MATEMÁTICAS	LINGUA INGLESA
De 10:20 a 10:50	LINGUA INGLESA	MATEMÁTICAS	MATEMÁTICAS	CIENCIAS SOCIAIS	MATEMÁTICAS
De 10:50 A 11:10	LINGUA INGLESA	MATEMÁTICAS	MATEMÁTICAS	CIENCIAS SOCIAIS	MATEMÁTICAS
De 11:10 a 11:40	LINGUA CASTELÁ	LINGUA GALEGA	LINGUA GALEGA	LINGUA INGLESA	LINGUA GALEGA
De 11:40 a 12:00	LINGUA CASTELÁ	LINGUA GALEGA	LINGUA GALEGA	LINGUA INGLESA	LINGUA GALEGA
De 12:00 a 12:30	LECTURA				
De 12:30 a 13:00	RECREO				
De 13:00 a 13:30	LINGUA GALEGA	LINGUA CASTELÁ	CIENCIAS NATURAIS	LINGUA CASTELÁ	RELIXIÓN/VA LORES
De 13:30 a 13:45	LINGUA GALEGA	LINGUA CASTELÁ	CIENCIAS NATURAIS	LINGUA CASTELÁ	RELIXIÓN/VA LORES
De 13:45 A 14:15	PLÁSTICA	EDUCACIÓN FÍSICA	MÚSICA	EDUCACIÓN FÍSICA	CIENCIAS NATURAIS
De 14:15 A 14:30	PLÁSTICA	EDUCACIÓN FÍSICA	MÚSICA	EDUCACIÓN FÍSICA	CIENCIAS NATURAIS

4º CURSO

Clase online



Tarefas do alumnado

	LUNS	MARTES	MÉRCORES	XOVES	VENRES
De 9:30 a 10:00	LINGUA INGLESA	LINGUA INGLESA	LINGUA CASTELÁ	MATEMÁTICAS	CIENCIAS SOCIAIS
De 10:00 a 10:20	LINGUA INGLESA	LINGUA INGLESA	LINGUA CASTELÁ	MATEMÁTICAS	CIENCIAS SOCIAIS
De 10:20 a 10:50	CIENCIAS SOCIAIS	MATEMÁTICAS	MATEMÁTICAS	LINGUA INGLESA	MATEMÁTICAS
De 10:50 A 11:10	CIENCIAS SOCIAIS	MATEMÁTICAS	MATEMÁTICAS	LINGUA INGLESA	MATEMÁTICAS
De 11:10 a 11:40	LINGUA CASTELÁ	LINGUA GALEGA	LINGUA GALEGA	CIENCIAS SOCIAIS	LINGUA GALEGA
De 11:40 a 12:00	LINGUA CASTELÁ	LINGUA GALEGA	LINGUA GALEGA	CIENCIAS SOCIAIS	LINGUA GALEGA
De 12:00 a 12:30	LECTURA				
De 12:30 a 13:00	RECREO				
De 13:00 a 13:30	LINGUA GALEGA	LINGUA CASTELÁ	CIENCIAS NATURAIS	LINGUA CASTELÁ	RELIXIÓN/VALORES
De 13:30 a 13:45	LINGUA GALEGA	LINGUA CASTELÁ	CIENCIAS NATURAIS	LINGUA CASTELÁ	RELIXIÓN/VALORES
De 13:45 A 14:15	PLÁSTICA	EDUCACIÓN FÍSICA	MÚSICA	EDUCACIÓN FÍSICA	CIENCIAS NATURAIS
De 14:15 A 14:30	PLÁSTICA	EDUCACIÓN FÍSICA	MÚSICA	EDUCACIÓN FÍSICA	CIENCIAS NATURAIS

5º CURSO



Clase online



Tarefas do alumnado

	LUNS	MARTES	MÉRCORES	XOVES	VENRES
De 9:30 a 10:00	MATEMÁTICAS	LINGUA CASTELÁ	LINGUA GALEGA	MATEMÁTICAS	MATEMÁTICAS
De 10:00 a 10:20	MATEMÁTICAS	LINGUA CASTELÁ	LINGUA GALEGA	MATEMÁTICAS	MATEMÁTICAS
De 10:20 a 10:50	EDUCACIÓN FÍSICA	NOVAS TECNOLOXÍAS	MATEMÁTICAS	EDUCACIÓN FÍSICA	LINGUA GALEGA
De 10:50 A 11:10	EDUCACIÓN FÍSICA	NOVAS TECNOLOXÍAS	MATEMÁTICAS	EDUCACIÓN FÍSICA	LINGUA GALEGA
De 11:10 a 11:40	LINGUA CASTELÁ	MATEMÁTICAS	CIENCIAS SOCIAIS	LINGUA CASTELÁ	CIENCIAS NATURAIS
De 11:40 a 12:00	LINGUA CASTELÁ	MATEMÁTICAS	CIENCIAS SOCIAIS	LINGUA CASTELÁ	CIENCIAS NATURAIS
De 12:00 a 12:30	LECTURA				
De 12:30 a 13:00	RECREO				
De 13:00 a 13:30	CIENCIAS NATURAIS	LINGUA GALEGA	LINGUA INGLESA	MÚSICA	LÍNGUA INGLESA
De 13:30 a 13:45	CIENCIAS NATURAIS	LINGUA GALEGA	LINGUA INGLESA	MÚSICA	LÍNGUA INGLESA
De 13:45 A 14:15	LINGUA GALEGA	LINGUA INGLESA	LÍNGUA CASTELÁ	VALORES/RELI XIÓN	PLÁSTICA
De 14:15 A 14:30	LINGUA GALEGA	LINGUA INGLESA	LÍNGUA CASTELÁ	VALORES/ RELIXIÓN	PLÁSTICA

6ºCURSO

Clase online



Tarefas do alumnado

	LUNS	MARTES	MÉRCORES	XOVES	VENRES
De 9:30 a 10:00	MATEMÁTICAS	MATEMÁTICAS	MATEMÁTICAS	MATEMÁTICAS	MATEMÁTICAS
De 10:00 a 10:20	MATEMÁTICAS	MATEMÁTICAS	MATEMÁTICAS	MATEMÁTICAS	MATEMÁTICAS
De 10:20 a 10:50	LINGUA GALEGA	LINGUA INGLESA	LINGUA GALEGA	LINGUA CASTELÁ	LINGUA CASTELÁ
De 10:50 A 11:10	LINGUA GALEGA	LINGUA INGLESA	LINGUA GALEGA	LINGUA CASTELÁ	LINGUA CASTELÁ
De 11:10 a 11:40	PLÁSTICA	LINGUA CASTELÁ	EDUCACION FÍSICA	LINGUA GALEGA	LINGUA INGLESA
De 11:40 a 12:00	PLÁSTICA	LINGUA CASTELÁ	EDUCACION FÍSICA	LINGUA GALEGA	LINGUA INGLESA
De 12:00 a 12:30	LECTURA				
De 12:30 a 13:00	RECREO				
De 13:00 a 13:30	CIENCIAS SOCIAIS	MÚSICA	CIENCIAS SOCIAIS	LINGUA INGLESA	CIENCIAS NATURAIS
De 13:30 a 13:45	CIENCIAS SOCIAIS	MÚSICA	CIENCIAS SOCIAIS	LINGUA INGLESA	CIENCIAS NATURAIS
De 13:45 A 14:15	CIENCIAS SOCIAIS	MÚSICA	CIENCIAS SOCIAIS	LINGUA INGLESA	CIENCIAS NATURAIS
De 14:15 A 14:30	CIENCIAS SOCIAIS	MÚSICA	CIENCIAS SOCIAIS	LINGUA INGLESA	CIENCIAS NATURAIS

